



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Cesamento membro que integra a Xunta de Goberno Local, perda condición tenente alcalde e concelleiro-delegado

ANUNCIO

Cesamento membro que integra a Xunta de Goberno Local, perda condición tenente alcalde e concelleiro-delegado

Esta alcaldesa ditou o decreto núm. 1787/2022 do 29/12/2022 que di:

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Expediente electrónico: 2021/X999/000354

Departamento: secretaría, adxunto a secretaría

Expediente decreto: 2022/G003/001876

Procedemento: decretos de organización

Asunto: cesamento membro que integra a Xunta de Goberno Local, perda condición tenente alcalde e concelleiro-delegado

ANTECEDENTES

Logo de ver que no decreto desta alcaldesa núm. 850/2021 do 01/07/2021, (Boletín Oficial da Provincia núm. 127 do 08/07/2021), resolveu constituír a Xunta de Goberno Local e nomear aos membros que a integran, entre os que se atopa o concelleiro, Manuel Andrés Iglesias Mouro.

E de ver que no decreto desta alcaldesa núm. 853/2021 do 02/07/2021, (Boletín Oficial da Provincia núm. 127 do 08/07/2021), resolveu o nomeamento dos tenentes de alcalde, sendo nomeado terceiro tenente de alcalde, Manuel Andrés Iglesias Mouro.

A alcaldesa, no uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, no decreto núm. 854/2021, do 2/07/2021, conferiu a delegación xenérica para a xestión e dirección da área de Cultura, Educación, Turismo, Xuventude e Medios Tecnolóxicos ao concelleiro, Manuel Andrés Iglesias Mouro, (BOP núm. 127 do 08/07/2021), que foi modificado no decreto da alcaldesa núm. 877/2021 do 06/07/2021, por ampliación, (en materia de Formación), quedando deste xeito: Cultura, Educación, Formación, Turismo, Xuventude e Medios Tecnolóxicos (BOP núm. 13/07/2021).

No decreto núm. 1110/2021 do 30/08/2021, a alcaldesa resolveu revogar as competencias e materias de Cultura e Turismo da delegación do exercicio de atribucións xenéricas conferidas no decreto núm. 854/2021 do 02/07/2021 a prol do concelleiro, Manuel Andrés Iglesias Mouro, nas materias de Cultura e Turismo. As delegacións xenéricas a prol deste concelleiro quedarán deste xeito: Educación, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación, (BOP núm. 168 do 03/09/2021).

No decreto núm. 1117/2021 do 31/08/2021, a alcaldesa rectificou o decreto núm. 110/2021 do 30/08/2021 no que da nova redacción as competencias e as materias delegadas (suprímese a de Turismo), (BOP núm. 168 do 03/09/2021), sendo nomeado Manuel Andrés Iglesias Mouro, concelleiro-delegado de Educación, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria do 16/07/2021, (BOP núm. 149 do 09/08/2021), acordou aprobar as dedicacións parciais de tres concellerías-delegadas, que foron modificadas en acordo do Pleno da Corporación municipal, en sesión do 24/09/2021, entre as que se atopa a concellería-delegada de Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos, (BOP núm. 192 do 07/10/2022).

E de ver que motivos profesionais dificultan ao concelleiro Manuel Andrés Iglesias Mouro a asistencia ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local nas datas e no horario determinado polo que, dada a transcendencia dos asuntos a tratar que benefician á veciñanza, cómpre o seu cesamento e a súa substitución por un membro do equipo de goberno municipal. A perda de tenente de alcalde pérdese pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Neste municipio é preceptiva a Xunta de Goberno Local, por superar os 5.000 habitantes, é que é unha competencia da alcaldesa nomear e cesar aos membros que a integran.

2. A Xunta de Goberno Local, intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno, ao abeiro do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (en diante LBRL), (BOE núm. 80 do 03/04/1985) e o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), (en diante LALGA).

3. O alcalde pode cesar libremente, en todo momento, a calquera membro da Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 52.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (BOE núm. 308 do 22/12/1986), (en diante ROF).

4. Os tenentes de alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao alcalde, sendo libremente designados e revogados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde non exista, de entre os concelleiros, ao abeiro do artigo 23.3 da LBRL.

5. A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito ou por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, ao abeiro dos artigos 46.3 do ROF e o 62.3 da LALGA.

6. Pérdese a condición de concelleiro-delegado pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local ou naqueles municipios onde esta non exista, da de tenente de alcalde, no caso das delegacións a que se refiren os artigos 43.3 e 63.3 respectivamente do ROF, ao abeiro do artigo 120.2.c do ROF).

E de ver os artigos 20.1.a, 21.2 e 23.3 da LBRL; o artigo 22 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, (BOE núm. 96 do 22/04/1986); os artigos 62 e 65 da LALGA e os artigos 35, 41.3, 43, 46, 52, 112, 113 e 120.2.c do ROF.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 O cesamento do membro que integra a Xunta de Goberno Local, Manuel Andrés Iglesias Mouro, nomeado no decreto da alcaldesa núm. 850/2021 do 01/07/2022.

2 Este cesamento implica a perda de condición de terceiro tenente de alcalde; de concelleiro-delegado de Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos e revogar o réxime de dedicación parcial para o desenvolvemento desta concellería-delegada.

3 Tramitar a baixa do concelleiro que correspondía desta dedicación parcial na Seguridade Social.

4 O cesamento terá efecto desde a data da sinatura deste decreto, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP), ao abeiro do artigo 44 do ROF.

5 Notificar o cesamento ao interesado.

6 Comunicar este decreto aos departamentos municipais.

7 Publicar este decreto no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

8 Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do Portal das Entidades Locais (aplicación concelleiros).

9 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre”.

Fágoo público ao abeiro dos artigos 44, 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Santa Comba, 20/01/2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

(Documento que se asina electronicamente)